

Á atención do Presidente da Corporación municipal.

Moción de Por Chantada-CUP para declarar a emerxencia climática no Concello de Chantada e sobre adopción de medidas no eido local para un horizonte sen carbono.



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do grupo municipal Por Chantada-CUP, presentan ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do *Regulamento Orgánico Municipal* e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á ***Moción de Por Chantada-CUP para declarar a emerxencia climática no Concello de Chantada e sobre adopción de medidas no eido local para un horizonte sen carbono..***

A tal efecto, presentamos para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Permítanme comezar cunha breve cita de Mary Ann Lucille Sering, secretaria de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentábel de Filipinas na cimeira da ONU sobre o clima en Varsovia (2013):

Estou comezando a sentir que estamos a negociar a quen lle toca vivir e a quen morrer.

Na secuencia da cimeira da ONU polo clima, acontecida en Madrid entre os días 2 e 13 de decembro e na que só contaremos con Pontevedra como representación galega¹; das recentes xornadas do *Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía*²; ou do cada vez máis prolixo marco normativo europeo e das iniciativas que se desenvolven na Europa central³, detectamos un profundo descoñecemento e improvisación nas AA.PP. , aínda cando o Parlamento europeo vén de declarar a emerxencia climática a 28 de novembro.

Desta arte, este é o paradigma dominante no Estado español: non comprender nen asumir as mudanzas europeas e logo implementar improvisando e a última hora as mudanzas necesarias. Daquela, o grupo municipal Por Chantada-CUP considera prioritario propor alternativas desde e para o eido local na materia e facelo con especial atención ás comarcas do interior galego, que sofren despoboamento, dispersión e mingua de servizos, aínda cando xeren territorios que secuestran altos índices de CO2.

Neste sentido, **o rural e o interior galegos** deben ser recompensados pola súa contribución social colectiva e favorecer desde as AA.PP. prácticas que respeiten a paisaxe e a biodiversidade. Así pois, **desde o local é posíbel contribuír ao global**, mais exixindo igualmente que desde o local se recoñeza debidamente as comunidades rurais.

1.- Onde estamos e onde queremos ir?

O PNUMA, departamento de medio ambiente da ONU, solicita que os Estados multipliquen por cinco os seus esforzos de recorte das emisións de gases de efecto estufa (GEE), pois o tempo esgótase

1 “La ONU confirma a Pontevedra como referencia mundial en sostenibilidad urbana” in *La Voz de Galicia*, 26 de novembro de 2019, dispoñíbel en: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/sociedad/2019/11/26/onu-confirma-pontevedra-referencia-sostenibilidad-urbana/0003_201911G26P24995.htm (última consulta 28/11/2019).

2 Pode consultarse máis información en <https://pactodosalcaldes.gal/gl>

3 Enténdase aquí a Europa central non como *Mitteleuropa*, é dicir concepto xeográfico, mais na dinámica centro-periferia.

para ficarmos 1.5 graos por cima dos niveis preindustriais⁴. O informe volve incidir en que **non hai planeta B**⁵. No entanto, os actuais compromisos, até no cenario máis optimista, traerían consigo un incremento de 3.2 graos. Se callar, como indica o Bloco de Esquerda portugués, «se o Planeta for um banco já teria sido salvo».

O informe⁶ salienta que os GEE marcan un novo máximo histórico e nesta década o incremento foi dun incremento meio de 1.5%. As emisións de CO2 en 2013 incrementáronse 61% a respecto de 1990, cando comezaron a serio as negociacións para a sinatura dun tratado sobre o clima. Após un descenso en 2009, debido á crise financeira máis intensa do capitalismo desde 1929, as emisións globais disparáronse de novo 5.9% en 2010, o maior incremento en termos absolutos desde a Revolución Industrial.

Neste sentido, o Nobel de economía Stiglitz pon como un dos principais valores europeos a lideranza da loita contra a mudanza climática⁷ e cuestiona que, cando o malestar social se alastra, o colapso da natureza avanza e a democracia declina, podamos seguir medindo o “progreso” mediante o termómetro do PIB⁸.

Non espanta, entón, que a liña científica dominante, por exemplo o informe da Axencia Internacional da Enerxía (AIE) dos EUA de 2011, indica que, en rigor, encamiñámonos a un cenario de subida de 6°C incompatíbel coa civilización e a sobrevivencia da especie. A ideoloxía das elites transmite que o mercado mesmo solventa calquera problema, obviando os devastadores efectos, sobre as sociedades e a biosfera, e considerándoos como «externalidades». Porén, para mantermos o quecemento global por baixo dos 2°C adicionais, os estados do centro do moderno sistema-mundo terían que cortar 10% cada ano as súas emisións, unha misión a todo punto imposíbel no «mercado libre»⁹.

4 Segundo o Banco Mundial (BM), unha das institucións da gobernanza global, «a medida que o quecemento global se aproxime ou supere 2°C, córrese o risco de provocar puntos de inflexión non lineares».

5 “La ONU advierte a los países de que se agota el tiempo en la lucha contra el calentamiento” in *El País*, 26 de novembro de 2019, dispoñíbel en https://elpais.com/sociedad/2019/11/25/actualidad/1574704839_312373.html (última consulta 28/11/2019).

6 O informe íntegro pode consultarse na seguinte ligazón: <https://www.unenvironment.org/resources/emissions-gap-report-2019> (última consulta 28/11/2019).

7 STIGLITZ, Joseph E. (2016): *O Euro. Como uma moeda comum ameaça o futuro da Europa*. Lisboa: Bertrand editora.

8 STIGLITZ, Joseph E. (2019): “PIB é ilusão perversa” in *Outras Palavras*, 27/11/2019, dispoñíbel en <https://outraspalavras.net/mercadovsdemocracia/pib-e-ilusao-perversa-diz-nobel-de-economia/> (última consulta 28/11/2019).

9 KLEIN, Naomi (2015). *Esto lo cambia todo. El capitalismo contra el clima*. Barcelona: Paidós. Véxanse, por exemplo, as páxinas 25-27, 33, 35, 37, 221 e 341.

2.- Contemplant as emerxencias global e local sistemicamente.

Un estudo recente da revista *Science* determinaba que precisamos 500.000.000.000 novas árbores e que existe espazo para o incremento da superficie florestal en 25%, permitindo reducir así 25% os GEE na atmosfera¹⁰. Neste horizonte vai a nosa proposta para contribuír desde o Concello de Chantada a avanzarmos no horizonte global através da **valorización das estradas municipais tipo túnel vexetal**, xa que achegan as seguintes ventaxes:

- Secuestro de CO2 e redución da contaminación.
- Filtro natural de partículas pesadas dos vehículos.
- Arrefriamento do firme co que se evitan emisións GEI.
- Redución dos consumos enerxéticos.
- Produción de biomasa.

As estradas de túnel ou coberta vexetal (ECV) son aquelas que transcorren á sombra de frondosas caducifolias autóctones (*Quercus robur*, *Castanea sativa*, *Prunus avium*, *Juglans regia*...), seleccionando aquelas cuxas raíces non atinxen o firme e que son maioritarias nas estradas de titularidade municipal do Concello de Chantada, sobretudo carballos e castiñeiros.

No entanto, este debe desenvolver con urxencia o **inventario de camiños municipais** para podermos desenvolver o proxecto que propomos. Lembramos aquí, como xa fixeramos en marzo de 2016, o artigo 86 do *Texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia do Réxime Local* e a moción aprobada por unanimidade no punto 5º do Pleno do día 3/10/2019, que compeliu o cumprimento da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas da Galiza* e a *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas*¹¹.

¹⁰ “Plantar más de 500.000 millones de árboles: nuevo reto científico contra la crisis climática” in *La Vanguardia*, 5/07/2019, dispoñíbel en <https://www.lavanguardia.com/natural/cambio-climatico/20190705/463293114197/plantar-mas-de-500000-millones-de-arboles-nuevo-reto-cientifico-contra-la-cri-sis-climatica.html> (última consulta 28/11/2019).

¹¹ A moción, apresentada polo grupo municipal socialista, pode consultarse na seguinte ligazón: <https://porchantada.files.wordpress.com/2019/10/mocic3b3n-psoe-inventario-camic3b1os.pdf> (última consulta 28/11/2019).

A maiores, debe impulsarse un pioneiro *Protocolo local de fomento e conservación das estradas municipais con cobertura vexetal* (PEMCOVE), que non debe só describer que son e onde están estas ECV, mais tamén atender ás condicións particulares que require a súa correcta xestión, expansión e conservación.

Canto á xestión e conservación ordinaria das ECV:

- Rozadura de gabias: 2 veces por ano ao comezo, 1 cando a cobertura sexa total.
- Limpeza de gabias e follas: 1 vez por ano.
- Poda (até 12 metros de altura) e retirada de pólas perigosas: 1 vez cada 2 anos.
- Uso de sal perante xeadas: 2/3 veces ano.
- Control de especies pirófitas, alóctonas ou de raíces de superficie que afecten ao firme. Así, especies coma o piñeiro (*Pinus Pinaster*) non poderán encontrarse nun perímetro de 5 metros desde a marxe da estrada.
- Mantemento específico do firme que, paulatinamente irá pulando por solucións durábeis, con amplos períodos de garantía contrastada e materiais con menor impacto ambiental.

O anterior é apenas un conxunto de boas prácticas, mais insuficiente para sermos un Concello pioneiro na xestión de estradas descarbonizantes. É mester a **expansión das ECV e medidas adicionais para a descarbonización:**

- Prantación e replantado de caducifolias autóctonas nas estradas municipais que aínda non son ECV.
- Limitación da velocidade a 30 km/h.
- Incorporación de sendeiros peonís e carrís bicis nos tramos onde for posíbel.
- Blindar no PXOM que o Concello de Chantada fique libre de eucalipto, paulonia e outras especies invasoras e pirófitas.
- Cursos sobre boas prácticas para o sector primario, secundario e terciario.
- Cursos de consumo responsábel.
- Impulso dun mercado de alimentos locais.

De adoptárense estas medidas pioneiras e o PEMCOVE, o Concello de Chantada estará en condicións de acceder non apenas a importantes fondos europeos, mais tamén de exixir o que acreditamos que é de xustiza: **que o interior galego receba a cota de carbono que secuestra.**

Actualmente a tonelada de CO2 cotiza por volta dos 25€ e subiu máis dun 100% no que levamos de 2018, un nivel nunca rexistrado durante a última década¹². Porén, hoxe pódase globalmente, é dicir, os grandes secuestradores de carbono, como a Amazonia, non reciben proporcionalmente o mesmo que “ceden” e, portanto, os incentivos para a reflorestación e as boas prácticas neutralízanse. Este modelo de “mercado libre” tamén para o carbono sitúa a biosfera e a Humanidade nunha encrucillada.

Así pois, as medidas propostas e o feito de que as valoracións e medicións de carbono son perfectamente medíbeis deberían ser o eixo de loita dos concellos do interior galego e non o reparto de migallas (subvencións) e proliferacións de burocracia sen praxe (impostura que coñecemos de vello na xustificación de fondos europeos). Só muda unha cousa, mais que é decisiva: agora ninguén engana a Bruxelas, a Madrid ou a Compostela, senón que asasinamos os nosos netos e hipotecamos a calidade de vida dos nosos fillos.

Daquela, cómpre loitar para que o CO2 secuestrado nunha comarca debería enlotarse apenas nesa comarca favorecendo a proliferación de exploracións agrarias e o desenvolvemento dos polígonos industriais de Chantada, Carballedo e Taboada.

A mudanza climática xa está aquí e, en boa medida, é irreversible. Do que se trata, pois, é de minorar, canto for posíbel, o seu impacto, o que exige transformar radicalmente os nosos modos de vida e o modo de produción para facelos menos intensivos en recursos e, sobre todo, está en causa facelo a través de vías equitativas, protexendo os máis vulnerábeis e facendo os responsábeis soportar o groso do inmenso custo da transformación. Por outras palabras, decrecemento ou colapso, porque para confrontarmos esta crise temos que confrontarnos a nós mesmos.

¹² “El precio de la tonelada de CO2 en la UE ha subido un 60% desde enero” in *El economista*, 9 de abril de 2019; dispoñíbel en <https://www.eleconomista.es/empresas-finanzas/noticias/9058686/04/18/El-precio-de-la-tonelada-de-CO2-en-la-UE-ha-subido-un-60-desde-enero-.html> (última consulta 28/11/2019).

Polo exposto, a Corporación do Concello de Chantada en sesión plenaria adoptar o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Declarar a emerxencia climática no Concello de Chantada.**
- 2.- Desenvolver en 2020 un censo das toneladas de carbono fixadas no noso territorio, cando menos aquelas que son públicas ou pertencen a CMVMC, como ponderación para determinar a importancia estratéxica e económica do Concello de Chantada no horizonte da descarbonización e para reforzo do tecido empresarial instalado no noso territorio.**
- 3.- Dar cumprimento urxente ao acordo plenario quinto do día 3 de outubro de 2019, adoptados por unanimidade.**
- 4.- Aprobar un *Protocolo local de fomento e conservación das estradas municipais con coberta vexetal (PEMCOVE)*, que atenda ás indicacións da exposición de motivos da presente moción.**
- 5.- Convidar os Concellos de Carballedo e Taboada a adoptaren un compromiso análogo ao exprimido nos puntos 1, 2 e 4 deste acordo, para avanzarmos conxuntamente como comarca pioneira na descarbonización.**
- 6.- Exixir ás AA.PP. que nas cotas de carbono se atenda ao seguinte extremo: o CO2 secuestrado nunha comarca natural debe enlotarse apenas nesa comarca favorecendo o seu desenvolvemento.**
- 7.- Demandar que a Xunta da Galiza mida o carbono emitido e fixado en cada concello de comarca do país e aposte por unha xestión como a indicada no punto 5º do acordo.**
- 8.- Trasladar o presente acordo á FEGAMP, á FEMP, á Deputación de Lugo, aos ministerios de Fomento e Medio Ambiente e á Xunta da Galiza.**

Chantada, a 5 de decembro de 2019.

Grupo municipal Por Chantada-CUP.